

Resolución do 13 de outubro de 2005, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, pola que se procede a darlles publicidade ás listaxes definitivas de aspirantes admitidos e excluídos das categorías de psicólogo clínico, logopeda e técnico superior en sistemas e tecnoloxías da información.

De conformidade coas atribucións conferidas polo Decreto 14/2005, do 3 de febreiro (DOG nº 25, do 7 de febreiro), polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, e na Orde do 3 de febreiro de 2005 (DOG nº 26, do 8 de febreiro) sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde, esta división

RESOLVE:

Primeiro.-Publicar as listaxes definitivas, de acordo co establecido na norma xeral 6.1.3. do pacto sobre selección temporal (DOG nº 104, do 1 de xuño de 2004), unha vez resoltas as reclamacións formuladas contra as listaxes provisionais de aspirantes admitidos e excluídos nas categorías de psicólogo clínico, logopeda e técnico superior en sistemas e tecnoloxías da información, correspondentes á convocatoria de selección temporal formalizada por resolución da División de Recursos Humanos do Sergas do 8 de novembro de 2004 (DOG nº 223, do 16 de novembro), nas que se inclúe a relación dos aspirantes admitidos coa súa puntuación e a orde de prelación resultante desta, así como a relación dos aspirantes excluídos, con indicación da causa de exclusión.

As listaxes definitivas serán publicadas o mesmo día da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* nos taboleiros de anuncios das direccións provinciais do Sergas e dos centros asistenciais dependentes delas, así como na páxina web do Sergas (www.sergas.es).

Segundo.-Contra esta resolución os interesados poderán presentar recurso de reposición perante a División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Sergas, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2005.

Antonio Fernández Paniagua
Director xeral da División de Recursos
Humanos e Desenvolvemento Profesional

V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DO SOCIAL NÚMERO TRES DA CORUÑA

Cédula de notificación de sentenza (503/2005).

Eu, Juan Rey Pita, secretario do Xulgado do Social número tres da Coruña, dou fe e certifico que neste

xulgado se seguen autos nº 503/2005 por instancia de Patricia Sande Montero contra a empresa *Nueva Gastronomía, S.C.*, sobre despedimento, en que recaeu sentenza do 21 de setembro 2005 que, copiada nos particulares necesarios, di así:

«Que estimando a demanda formulada por Patricia Sande Montero, declaro a improcedencia do seu despedimento e condeno a empresa *Nueva Gastronomía, S.C.* a que, á súa elección, que se deberá efectuar no prazo de cinco días, a readmita no seu posto e condicións de traballo ou a indemnice coa cantidade de 640,10 euros, así como a aboar en concepto de salarios de tramitación a cantidade de 4.379,6 euros.

Notifíqueseles esta resolución ás partes, facéndolles saber que contra ela cabe interpoñer recurso de suplicación perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Social, debendo anunciálo previamente ante este xulgado do social no prazo de cinco días hábiles a partir do día seguinte ao da súa notificación.

Prevense a empresa demandada de que, para recorrer, deberá acreditar o ingreso na c/c de consignacións código 1533 0000 60 0503 05 de *Banesto* (0030) desta cidade, denominada conta do Xulgado do Social número tres de Coruña, do importe da condena e 150,25 euros en concepto de depósito; sen estes requisitos non será admitido a trámite o recurso e quedará firme a sentenza.

Así mesmo, advírteselle á parte demandada que, se fai uso de tal dereito optando pola readmisión, durante a tramitación do procedemento deberá aboar á parte demandante o mesmo salario que tería percibido, estando obrigada esta a lle prestar os seus servizos á demandada, a menos que esta última prefira facer uso de tal aboamento sen percibir compensación ningunha por parte da demandante.

Así, por esta miña sentenza, da cal se unirá certificación aos autos orixinais para a súa notificación e cumprimento, xulgando pronúncioo, mándoo e asínoo».

E para que conste, para efectos da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* co fin de que lle sirva de notificación en forma á empresa *Nueva Gastronomía, S.C.*, expido e asino esta cédula na Coruña 26 de setembro de 2005.

O secretario xudicial
Rubricado

XULGADO DO SOCIAL NÚMERO CATRO DA CORUÑA

Cédula de notificación de sentenza (460/2004).

Ana María Carrasco García, secretaria do Xulgado do Social número catro da Coruña, dou fe e certifico